XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES FRANCISCO AGUIAR

Avda. Da Coruña, 15
15300 BETANZOS (A Coruña)
Teléfono 881 960 165. Fax 881 960 192
E-mail: ies.francisco.aguiar@edu.xunta.es
web: http:// www.edu.xunta.es/centros/iesfranciscoaguiar

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Departamento de GREGO Curso 2019-2020

1.- APRENDIZAXES E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Mínimos esixibles

No Departamento de Grego manteranse as aprendizaxes e as competencias da programación didáctica inicial.

Durante o primeiro e o segundo trimestre as materias do Departamento de Grego impartíronse con normalidade. Este feito permite ter en conta as probas realizadas para avaliar as aprendizaxes e competencias adquiridas nestes dous trimestres.

A realidade derivada do estado de alarma decretado polo COVID19 fai que as aprendizaxes e competencias da terceira avaliación muden sendo máis flexibles coa súa valoración. Os contidos que se impartirán serán de repaso e afianzamento dos contidos impartidos. O traballo realizarase telemáticamente (Aula Virtual ou correo electrónico) e os resultados servirán para recuperar a materia ou ben para subir a nota.

2.- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

No Departamento de Grego hai un alumno de 2º de Bacharelato coa materia de Grego I pendente. Ata o momento do decreto do estado de alarma e a consecuente suspensión das clases presenciais, este alumno non tiña superada a devandita materia. Durante este trimestre avaliarase a materia pendente coa realización de traballos que o alumno deberá entregar por medios telemáticos (a través da Aula Virtual ou por correo electrónico).

3.- RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓNS SUSPENSAS

GREGO I (1º BAC)

Neste curso non hai ningún alumno coa materia suspensa en ningunha das dúas avaliacións anteriores. Se durante a terceira avaliación fose imposible realizar aos alumnos probas presenciais, individuais e obxectivas, a avaliación Ordinaria realizarase atendendo ás notas obtidas nas dúas avaliacións presenciais.

O traballo que se faga durante o terceiro trimestre permitirá subir a nota a este alumnos que xa teñen acadado o aprobado. Este traballo deberá presentarse polas vías telemáticas anteditas. As directrices de execución e datas de presentación serán tamén comunicadas por las mesmas vías.

GREGO II (2º BAC)

Se durante a terceira avaliación fose imposíbel realizar aos alumnos probas presenciais, individuais e obxectivas, a avaliación Ordinaria realizarase atendendo ás notas obtidas nas dúas avaliacións presenciais.

O traballo que se faga durante o terceiro trimestre permitirá recuperar a materia a aqueles alumnos que non a tivesen superada nas avaliacións anteriores ou subir nota aos xa tivesen acadado o aprobado. Este traballo deberá presentarse polas vías telemáticas anteditas e cuxas directrices de execución e datas de presentación serán tamén comunicadas por estas vías.

4.- AMPLIACIÓN DE APRENDIZAXES

GREGO I (1º BAC)

O alumnado deste curso, que xa ten superada a materia, terá a oportunidade de subir até 2 puntos a súa cualificación final coa entrega dos traballos propostos a través da Aula Virtual durante este terceiro trimestre.

Os traballos consistirán en exercicios de repaso e afianzamento dos contidos impartidos durante os trimestre anteriores. Tamén se entregarán pequenas traducións semanalmente.

Na programación didáctica inicial estableciase que, para garantir un esforzo continuado

do alumnado ao longo do curso, a nota final na materia resultara da suma do valor das tres avaliacións: primeira un 20%, segunda un 30% e terceira un 50%. A situación actual fai que estas procentaxes varíen, e deste xeito a nota será a suma da primeira avaliación nun 40% e a segunda nun 60%. A esta cualificación poderanse engadir os resultados da cualificación dos traballos entregados no terceiro trimestre.

GREGO II (2º BAC)

O alumnado deste curso, que xa ten superada a materia, e o que a teña que recuperar algunha das avaliacións anteriores terá a oportunidade de subir até 2 puntos a súa cualificación final coa entrega dos traballos propostos a través da Aula Virtual durante este terceiro trimestre.

O traballo consistirá en exercicios de afianzamento dos contidos impartidos nos dous trimestres anteriores tendo en conta o modelo das ABAU. Además disto o alumnado deberá entregar semanalmente a tradución de textos dos autores que son obxecto de exame nas ABAU.

Na programación didáctica inicial estableciase que, para garantir un esforzo continuado do alumnado ao longo do curso, a nota final na materia resultara da suma do valor das tres avaliacións: primeira un 20%, segunda un 30% e terceira un 50%. A situación actual fai que estas procentaxes varíen, e deste xeito a nota será a suma da primeira avaliación nun 40% e a segunda nun 60%. A esta cualificación poderanse engadir os resultados da cualificación dos traballos entregados no terceiro trimestre.

5.- ATENCIÓN AO ALUMNADO CON AE E NEE

No Departamento de Grego no se conta con alumnado ao que sexa necesario aplicar ningún tipo de medidas deste tipo.

6.- CUALIFICACIÓN FINAL DA MATERIA

GREGO I (1º BAC)

Na programación didáctica inicial estableciase que, para garantir un esforzo continuado do alumnado ao longo do curso, a nota final na materia resultara da suma do valor das

tres avaliacións: primeira un 20%, segunda un 30% e terceira un 50%.

A situación actual fai que estas porcentaxes varíen, e deste xeito a nota será a suma da primeira avaliación nun 40% e a segunda nun 60%. A esta cualificación poderanse engadir os resultados da cualificación dos traballos entregados no terceiro trimestre.

GREGO II (2º BAC)

Na programación didáctica inicial estableciase que, para garantir un esforzo continuado do alumnado ao longo do curso, a nota final na materia resultara da suma do valor das tres avaliacións: primeira un 20%, segunda un 30% e terceira un 50%.

A situación actual fai que estas procentaxes varíen, e deste xeito a nota será a suma da primeira avaliación nun 40% e a segunda nun 60%. A esta cualificación poderanse engadir os resultados da cualificación dos traballos entregados no terceiro trimestre.

7.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Ante a presente situación de alerta nacional que conleva a suspensión presencial das clases, desde o Departamento de Grego facilitarase a aprendizaxe do alumnado a través dos seguintes medios:

- Aula Virtual do Centro
- Correo electrónico do profesor - xefe do Departamento.

Manterase a comunicación coas familias do xeito habitual, a través dos titores e da a plataforma Sixa.

De todo esto darase tamén publicidade a través da ublicación na páxina web do centro.